

BASES DO
PREMIO AO MELLOR TFE EN LINGUA GALEGA
DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

CURSO 2024-2025

1. Obxecto da convocatoria

Contribuír á dinamización, difusión e uso da lingua galega na vida académica do alumnado do Conservatorio Superior de Música da Coruña.

2. Destinatarias/os

Poderá presentarse ao *Premio ao mellor TFE en lingua galega* o alumnado do Conservatorio Superior de Música da Coruña que estea matriculado durante o curso 2024-2025, que **elabore e defenda o seu Traballo de Fin de Estudos (TFE) en lingua galega** durante o ano académico 2024-2025, e que obteña cando menos a cualificación de APROBADO.

3. Premios

Establécese como premio un Diploma acreditativo deste recoñecemento e un vale de 200 euros para gastos en material musical.

No caso de que o xurado considere que ningún dos traballos presentados acada un nivel axeitado, poderá declarar o premio deserto. Sempre que se estime pertinente, existirá tamén a posibilidade de outorgar o premio a varios traballos, repartindo o importe *ex aequo*, a partes iguais.

4. Presentación

O prazo de presentación dos TFE ao concurso remata o **30 de setembro de 2025**.

O alumnado que desexe presentar o seu TFE enviará por correo electrónico ao enderezo **endl.csmus@gmail.com**, indicando no asunto *Premio ao mellor TFE en lingua galega*, a seguinte documentación:

- Datos persoais (nome e apelidos, teléfono e correo electrónico de contacto).
- Constancia, asinada polo/a Presidente/a do Tribunal do TFE, conforme o traballo se defendeu en lingua galega.
- Copia en formato PDF do Traballo Fin de Estudos.

5. Resolución

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega fará pública a relación de traballos presentados durante a semana seguinte ao remate do prazo de presentación.

A resolución farase pública na última semana do mes de outubro do ano 2025.

O xurado dos Premio ao mellor TFE en lingua galega estará constituído polos membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro.

Na valoración dos TFEs terase en conta o seguinte criterio:

- A maior cualificación numérica outorgada ao TFE polo Tribunal.

No caso de empate na cualificación teranse en conta os seguintes criterios, na orde de prioridade que se indica:

I) Obtención da cualificación Matrícula de Honra outorgada ao TFE polo Tribunal.

II) A corrección lingüística, o emprego axeitado da linguaxe da especialidade e a calidade na redacción.

III) A abordaxe de temáticas ligadas á realidade galega.

A decisión do xurado é inapelábel e a participación no concurso leva implícita a aceptación destas bases na súa totalidade.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega comunicará á/s persoa/s gañadora/s a concesión do premio a través de correo electrónico e, igualmente, a resolución farase pública a través da páxina web do centro.